



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE DA XUNTA DE GALICIA E AS DIOCESES DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA PARA INTERVENCIÓNS NO PATRIMONIO ARTÍSTICO DE TITULARIDADE ECLESIAÍSTICA.

O director xeral de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, **DECLARA:**

Que a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, a través da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, vai formalizar coas Dioceses da Comunidade Autónoma de Galicia o instrumento conxenal arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2026.

Que o instrumento conxenal ten por obxecto:

É obxecto do presente convenio entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude a **realización de intervencións de protección, conservación e rehabilitación das igrexas parroquiais pertencentes ao patrimonio artístico de titularidade eclesiástica.**

Que o instrumento conxenal asinado se fundamenta no seguinte:

O 17 de abril de 1985, a Xunta de Galicia e as dioceses da Comunidade Autónoma de Galicia asinaron un convenio de colaboración para garantir a conservación e promover o enriquecemento do patrimonio histórico, artístico e documental da Igrexa en Galicia, dada a singular importancia cultural que representa o patrimonio histórico, artístico e monumental da igrexa en Galicia.

A Lei 5/2016, de 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, sinala no artigo 6.2 que unha comisión mixta entre a Xunta de Galicia e a Igrexa Católica establecerá o marco de colaboración e coordinación entre ambas as dúas institucións, para determinar as actuacións que se van desenvolver ao abeiro deste acordo. A organización, composición e funcións da citada comisión quedou regulada por Decreto 84/2017, de 3 de agosto, quedando legalmente constituída con data 27/12/2017.

O importe da subvención distribuirase entre as actuacións que van realizar nas dioceses, ata o límite máximo da dotación orzamentaria e nas porcentaxes calculadas en proporción ao número de parroquias pertencentes a cada diocese.

A Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude da Xunta de Galicia financiará as actividades descritas con cargo á aplicación orzamentaria **13.04.433A.781.1** dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma, cunha achega máxima de **600.000,00 €** no ano 2026.

De acordo co artigo 26 da Lei de subvencións de Galicia, para outorgar esta subvención non é necesario promover a concorrência pública, xa que o ámbito de actuación do convenio inclúe todas as dioceses de Galicia ademais de que o tratamento en condicións de igualdade entre as dioceses en canto á axuda está garantido polo





establecemento do criterio para o reparto da contía, xa que se fará un reparto proporcional en función das porcentaxes mencionadas con anterioridade. Así mesmo, as intervencións obxecto do presente convenio están incluídas no *Plan estratéxico para a protección e conservación do patrimonio cultural de Galicia* da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, dentro do obxectivo operativo *Conservar o patrimonio cultural galego*, que inclúe a medida de conservación dos mosteiros, conventos, abadías, igrexas e patrimonio eclesiástico galego.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convenial.

En atención ao exposto, e co fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convenial que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que así conste, asínase esta memoria en Santiago de Compostela

